

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de decembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e dous minutos do día sete de decembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleira, Sra. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Está presente, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1557).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do 15 e 22 de novembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1558).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.740 € A FAVOR DE TELECIDADE S.A. EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DA CAMPAÑA PUBLICITARIA “BAIXATE DO CARRO”. EXPTE. 1608/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, de 24.11.04, e de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 6.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:

- N.º 495, de “Telecidade, S.A.”, CIF. A-36792133, data de Rexistro Xeral 22/09/04, polo concepto “Campaña Baixate do carro”, por importe de 1.740,00 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Telecidade, S.A.”, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, “Vigo 2005-2007”, por un importe total de 1.740,00 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Telecidade, S.A.”, por importe de 1.740,00 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, “Vigo 2005-2007” do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

3(1559).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.000 € A FAVOR DE CREACIONES LUMINOSAS S.L. EN CONCEPTO DO ALUMEADO DA ALAMEDA DE BOUZAS CON MOTIVO DAS SÚAS FESTAS. EXPTE. 1638/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, de 24.11.04, e de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 8.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:

- N.º 1002004, de “Creaciones Luminosas, S.L.”, CIF. B-36351484, data de Rexistro Xeral 17/09/04, polo concepto “Instalación del alumbrado en la alameda Suárez Llanos durante as Festas de Bouzas 2004”, por importe de 6.000,00 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Creaciones Luminosas, S.L.”, con cargo á partida orzamentaria 111.0.205.00.00, “Aluguer de equipos”, por un importe total de 6.000,00 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “CreacionesLuminosas, S.L.”, por importe de 6.000,00 euros, IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 111.0.205.00.00, “Aluguer de equipos” do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

4(1559).-TEXTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AXENCIA GALEGA DE NOTICIAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO AGN/PRESS. EXPTE. 1641/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable acreditando a existencia de saldo para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo

Administrativo de Alcaldía, do 15.11.04, conformado polo concelleiro de Área de Xestión Económica, 15.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o borrador do texto de convenio entre o Concello de Vigo e a Axencia Galega de Noticias para a contratación do servizo “AGN/PRESS”, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto derivado do contrato anterior, por importe de 25,06 euros anuais, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.02, “Convenios”.

ACORDO SOBRE O SERVIZO “AGN/PRESS” DA AXENCIA GALEGA DE NOTICIAS CO CONCELLO DE VIGO.

Reunidos, en Santiago de Compostela a.....de novembro de 2004, por unha parte, D. Juan Manuel García Bouzas, co NIF: 35.444.684-M, en calidade de director da Axencia Galega de Noticias, S.A. –en adiante AGN- co CIF A-15.107.592 e domicilio en c/López Ferreiro, 8 de Santiago de Compostela, e por outra parte,

Dª. Corina Porro Martínez, co NIF:32.610.818-S, en calidade de alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo- en adiante Concello-,co CIF: P 3605700-H e domicilio en Praza do Rei s/n Vigo..

ACORDAN:

1.- Que o Concello de Vigo contrata o subministro de información a través do paquete informativo “AGN/PRESS”, dentro do acordo suscrito entre a Axencia Galega de Noticias e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). A plataforma de distribución deste servizo por parte de AGN é a súa páxina web (www.axencia.com). O acceso a este servizo realizarase a través dunha clave de usuario e password, facilitadas por AGN, e pola cal o Concello de Vigo poderá acceder a tódolos servizos asignados en dito paquete.

2.- O paquete informativo “AGN/PRESS”, que contrata o Concello de Vigo dispón dos seguintes contidos:

- Noticias: Informacións oficiais e de elaboración propia.
- Fotografía: Todo o servizo fotográfico diario que dispón AGN.
- Reportaxes: Reportaxes de elaboración propia realizadas pola redacción de AGN.
- Entrevistas: Ofrécese a cantidade de entre una ou dúas entrevistas diarias.
- Previsión Meteorolóxica: O tempo de hoxe e o día seguinte en tres tomas (primeira hora, media tarde e noite), facilitadas por MeteoGalicia.
- Previsións Informativas: Previsións diarias en toda a comunidade autónoma.
- Cidades: Servizo informativo das cinco noticias diarias máis importantes das grandes cidades galegas.
- Biografías: Base de datos de biografías de personaxes da cultura, política, deporte e sociedade galega para utilizar como complemento ás informacións.

- Opinión: Un artigo diario de prestixiosos “columnistas”.
- Sociedade: Información sobre a actualidade da sociedade e o corazón que teñan algún tipo de vinculación con Galicia.

3.-A Axencia Galega de Noticias comprométese a insertar dentro da páxina web dos concellos que así o demanden, un servizo gratuito de Ticker/Titulares, coa “derradeira hora” do seu servizo de noticias.

4.-Este servizo realizarase diariamente de luns a domingo e os 365 días do ano.

5.- A contraprestación económica do mesmo é de 21,60.-€ anuais mais IVE, a pagar mediante factura presentada por AGN na data de formalización do devandito contrato. O pagamento realizaráse a través de transferencia bancaria á c/c 2080-0155-12-0040010261

5(1560).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.153,41 € A FAVOR DE SECURITAS EN CONCEPTO DE VIXIANCIA NO CENTROS CÍVICOS DE TEIS E CASCO VELLO. EXPTE. 474/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Interventora Xeral do 25.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 9.09.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva polo importe de 7.153,41 €, á empresa Securitas Seguridad España S.A., pola prestación vixilancia no auditorio de Teis desde o mes de xaneiro de 2003 ao mes de xuño de 2004, da vixilancia presencial durante nove horas no Centro Cívico de Teis por avería dunha porta no centro e do incremento de roldas con motivo das festas da Reconquista no Casco Vello.

6(1561).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/170, 11/646, 22/120 E DENEGACIÓN EXPTE. 1/1021.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

a) Concede-la prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Felipe Señorans Veiga. Expte. 22/120.
- D. Isaura Iglesias Chaudarca. Expte. 11/646.
- D. Lino Otero Mariño. Expte. 14/170.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Dolores Chamadoira González. Expte. 01/1021.

7(1562).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA DELEGACIÓN DE VIGO DA FEDERACIÓN GAELGA DE ATLETISMO PARA REALIZAR A XLIII EDICIÓN DA CARREIRA PEDESTRE DE NADAL (CARREIRA DO PAVO) O DÍA 19.12.04. EXPTE. 4906/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.10.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a delegación Vigo da Federación Galega de Atletismo a celebrar a XLIII edición da carreira Pedestre de Nadal (Carreira do Pavo) o vindeiro día 19 de decembro de 2004. Esta proba prevista para atletas federados, con percorrido pola alameda da Praza de Compostela, e saída e chegada diante da cafetería Alameda, con percorrido polas rúas Colón, Marqués de Valladares, Carral, García Olloqui e Victoria con chegada a alameda, entre ás 10:30 h. e ás 14:00 h.

8(1563).-BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2005”. EXPTE. 1284/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnicas de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 30.11.04, conformado polo concelleiro de dito Servizo e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar as bases que de seguido se transcriben correspondentes ao concurso “*Vente cos Reis Magos 2005*”, que ten por obxecto seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da *Cabalgata de Reis 2005*”

BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2005”

- 1. O obxecto deste concurso é seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis 2005, que terá lugar na nosa cidade o vindeiro día 5 de xaneiro. Cada carroza real irá acompañada de doce nenos/as.*
- 2. Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 1992 e o 31 de decembro de 1996, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.*
- 3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller nas entidades socioculturais visitadas polo Carteiro Real ou no posto de información situado na lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por neno/a.*

4. *As inscricións depositaranse na urna colocada na lonxa da Casa do Concello ou na que acompañará ó Carteiro Real nas súas visitas. O prazo de inscrición comezará o día 15 de decembro e finalizará ás 20'00 horas do día 29 de decembro de 2004.*
5. *O día 30 de xaneiro, ás 12'00 horas, realizarase o sorteo correspondente en acto público, na Casa do Concello.*
6. *No sorteo, ademais dos trinta e seis nenos/as seleccionados/as, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.*
7. *Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas agraciados no sorteo deberán, trala comunicación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, asinar a pertinente autorización e acreditar a data de nacemento do neno/a (fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor). De ser o caso, poderán asinar unha renuncia.*
8. *O Concello de Vigo ofrecerá ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.*
9. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.*

**9(1564).- BASES DO IV CONCURSO DE REDACCIÓN “BENQUERIDOS REIS MAGOS”.
EXPTE. 1285/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 30.11.04, conformado polo concelleiro de dito Servizo e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar as bases que de seguido se transcriben correspondentes ao IV concurso de redacción “Benqueridos Reis Magos”, que ten por obxecto seleccionar a tres nenos/as para realiza-la recepción ós Reis Magos na *Cabalgata de Reis 2005*

BASES DO IV CONCURSO DE REDACCIÓN “BENQUERIDOS REIS MAGOS”.

1. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca o IV Concurso de redacción “Benqueridos Reis Magos” que ten por obxecto seleccionar a tres nenos/as para realizar a recepción oficial ós Reis Magos e posteriormente acompañalos na Cabalgata de Reis 2005, que terá lugar na nosa cidade o vindeiro día 5 de xaneiro. Cada neno/a seleccionado/a acompañará unha carroza real.*
2. *Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade menores de 12 anos; para tomar parte, deberán presentar unha carta dirixida ós Reis Magos na que lles expresen tódolos desexos que lles solicitan ás súas maxestades para o ano 2005. Os participantes utilizarán as cartas editadas polo Concello de Vigo e nelas deberán indicar imprescindiblemente o seu nome e apelidos, enderezo e un teléfono de contacto.*
3. *As cartas depositaranse na urna colocada para tal efecto na lonxa da Casa do Concello ou na que acompañará ó Carteiro Real nas súas visitas. O prazo de presentación comezará o día 15 de decembro e finalizará o día 30. Só se aceptará unha por neno/a.*
4. *O Concello designará un xurado para valorar as redaccións presentadas, e que estará presidido polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural. O resultado farase público nos medios de comunicación local.*

5. *Os nenos/as seleccionados/as encargaranse de recibir oficialmente ós Reis Magos coa lectura das súas redaccións. Posteriormente, sumaranse ás carrozas reais para tomar parte na Cabalgata de Reis.*
6. *Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas seleccionados deberán, trala comunicación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ou persoa delegada, asinar a pertinente autorización, previa acreditación da idade (DNI ou fotocopia do Libro de Familia). De ser o caso, poderán asinar unha renuncia.*
7. *O Concello de Vigo ofreceralles ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.*
8. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.*

10(1565).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A TITULARES DE LICENZA DE AUTOTAXIS PARA INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE. EXPTE. 70008/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 8.11.04, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- CONCEDER, seguindo o orde de presentación de solicitudes no rexistro xeral, a cada un dos seguintes titulares de licenzas de autotaxis unha subvención para a instalación de sistemas de seguridade de localización por satélite por importe de 340,26 euros, correspondentes ao 30% do importe total da instalación, e co que se esgota a cantidade presupostada de 20.050,61 Euros (58 x 340, 26 = 19.735 Euros), e por axustarse as solicitudes aos requisitos esixidos:

1. JOSÉ MANUEL GONZALEZ RODRIGUEZ - titular da licenzas municipal 484.
2. JOSÉ FEIJÓO DOMÍNGUEZ - titular da licenzas municipal 471.
3. MODESTO PUGA VEIGA - titular da licenzas municipal 460.
4. MAXIMINO EIRIZ GARCÍA - titular da licenzas municipal 453.
5. ROSA MARÍA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ - titular da licenzas municipal 444.
6. GERARDO ANDIÓN TATO - titular da licenzas municipal 443.
7. EMILIO VÁZQUEZ DORADO - titular da licenzas municipal 437.
8. SERAFIN GARRIDO ÁLVAREZ - titular da licenzas municipal 365.
9. MANUEL CHOREN SOUTO - titular da licenzas municipal 355.
10. MANUEL VIDAL VIDAL - titular da licenzas municipal 352.
11. MANUEL QUINTÁNS BLANCO - titular da licenzas municipal 344.
12. DESESTIMADA
13. GERMÁN ÁNGEL RODRÍGUEZ PENA - titular da licenzas municipal 342.
14. DESESTIMADA
15. JOSÉ JOAQUÍN DACOSTA GONZÁLEZ - titular da licenzas municipal 325.
16. CARLOS NORBERTO COBAS RIVAS - titular da licenzas municipal 323.
17. JUAN CARLOS RODRÍGUEZ ALVAR - titular da licenzas municipal 321.
18. LUIS FELIPE MOURE RODRÍGUEZ - titular da licenzas municipal 319.
19. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ - titular da licenzas municipal 295.
20. MANUEL SÁNCHEZ MÉNDEZ - titular da licenzas municipal 292.

21. JOSÉ CARLOS CAMESELLE RODRÍGUEZ - titular da licencia municipal 273.
22. DESESTIMADA
23. JAIME MOURE RODRÍGUEZ - titular da licencia municipal 215.
24. ALBINO QUINTAS BLANCO - titular da licencia municipal 222.
25. ANGEL VIEIRA QUINTAS - titular da licencia municipal 192.
26. JUAN GARCÍA ALONSO - titular da licencia municipal 224.
27. JOSÉ AVELINO CAMPO BARROS - titular da licencia municipal 234.
28. ROSALÍA QUINTAS BLANCO - titular da licencia municipal 241.
29. DESESTIMADA
30. DESESTIMADA
31. ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 265.
32. DESESTIMADA
33. JULIO SEARA GONZÁLEZ - titular da licencia municipal 200.
34. DOMINGO RODRÍGUEZ ENRÍQUEZ - titular da licencia municipal 189.
35. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ - titular da licencia municipal 545.
36. JOSÉ RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ - titular da licencia municipal 529.
37. ALICIA PÉREZ LÓPEZ - titular da licencia municipal 515.
38. JOSÉ FERNÁNDEZ CARRIZO - titular da licencia municipal 496.
39. JOSÉ RIVERA ALONSO - titular da licencia municipal 488.
40. ESPERANZA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ - titular da licencia municipal 419.
41. CRISTINA FERNÁNDEZ SANTOS - titular da licencia municipal 414.
42. JOSÉ BENITO VELOSO MÉNDEZ - titular da licencia municipal 412.
43. JESÚS ÁLVAREZ LORENZO - titular da licencia municipal 408.
44. MANUEL FERNÁNDEZ VILLAVARDE - titular da licencia municipal 379.
45. JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ PENA - titular da licencia municipal 378.
46. PASTORA MOSQUERA RODRÍGUEZ - titular da licencia municipal 99.
47. JOSÉ PAMPIN GONZÁLEZ - titular da licencia municipal 90.
48. ENRIQUE VILLAR CASTRO - titular da licencia municipal 377.
49. ELÍAS FERNÁNDEZ PÉREZ - titular da licencia municipal 376.
50. JOSÉ MARTÍNEZ ÁLVAREZ - titular da licencia municipal 87.
51. DOMINGO VIEIRA DASILVA - titular da licencia municipal 368.
52. MANUEL BLANCO RIVERA - titular da licencia municipal 186.
53. CARLOS RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 83.
54. LUIS GÓMEZ BERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 185.
55. JOSÉ ELADIO VISO VELOSO - titular da licencia municipal 80.
56. JUAN CARLOS GONZÁLEZ FORTES - titular da licencia municipal 77.
57. ELVIRA QUINTAS BLANCO - titular da licencia municipal 174.
58. LAUREANO CACHEIRO NIEVES - titular da licencia municipal 6.
59. JOSÉ LUIS IGLESIAS GONZÁLEZ - titular da licencia municipal 29.
60. JOSÉ LUIS VÁZQUEZ RODRÍGUEZ - titular da licencia municipal 5.
61. CELESTINO DOMINGUEZ ABALLE - titular da licencia municipal 63.

62. MIGUEL PÉREZ VÁZQUEZ - titular da licencia municipal 62.
63. JOSÉ MANUEL PEREIRA PRIETO - titular da licencia municipal 1.
64. AURELIO BOLAÑO BOLAÑO - titular da licencia municipal 172.

2º.- DESESTIMAR as seguintes solicitudes, por ser os titulares debedores da Facenda Municipal, ata o día de hoxe, segundo o informe da Tesourería Municipal, e que corresponden a:

12. RAFAEL SALINAS FERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 343.
14. JOSÉ IGLESIAS FERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 338.
22. MILAGROS PÉREZ DOMÍNGUEZ - titular da licencia municipal 269.
29. JOSÉ GONZÁLEZ CASTRO - titular da licencia municipal 247.
30. JOAQUIN ALONSO ÁLVAREZ - titular da licencia municipal 252.
32. FRANCISCA MARTÍNEZ PENIN - titular da licencia municipal 267.

3º.- DESESTIMAR por terse esgotado a cantidade presupostada coas autorizadas no punto 1º deste acordo, ó haber superado o número de solicitudes a citada cantidade, as restantes solicitudes que corresponden a:

65. JOSÉ RAMÓN PÉREZ FERNÁNDEZ - titular da licencia municipal 156.
66. SIMPLICIO BOULLOSA GARCÍA. - titular da licencia municipal 107.
67. PAULINO JOSÉ ÁLVAREZ MANZANO - titular da licencia municipal 135.

4º DESESTIMAR por presentarse incompleta e fora de prazo, a seguinte solicitude, que corresponde a:

68. JOSÉ ANTONIO FERREIRA JUSTO
69. ANTONIO FERREIRA ESTÉVEZ

11(1566).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA FEIRA OFEITOAMÁN OS DÍAS DO 15.12.04 AO 11.01.05 NA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 70127/210.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 26.11.04 que di o seguinte:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS á ocupación de vía pública para a celebración da FEIRA DE ARTESANÍA OFEITOAMAN 2004, na Praza de Compostela entre o 15 de decembro do presente ano e até o 11 de xaneiro próximo.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ *A efectos de inclusión dunha garantía na Póliza de Responsabilidade Civil, terase en conta unha cantidade de 1.800 €.*
- ✓ *Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores da Praza de Compostela.*
- ✓ *Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.*

Acordo

Vista a precedente proposta a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS á ocupación de vía pública para a celebración da FEIRA DE ARTESANÍA OFEITOAMAN 2004, na Praza da Estación de RENFE ou na Estación Marítima entre o 15 de decembro do presente ano e até o 11 de xaneiro próximo.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ A efectos de inclusión dunha garantía na Póliza de Responsabilidade Civil, terase en conta unha cantidade de 1.800 €.
- ✓ Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

12(1567).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DAS ENTRADAS DO ESPECTÁCULO “CONTOS AO CARÓN DO LUME”. EXPTE. 1312/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 29.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Poñer á venda, no museo municipal, 300 entradas para o espectáculo teatral “Contos ó carón do lume” a un prezo unitario de venda ó público de TRES (3) EUROS.-, I.V.E. engadido, reservando o resto das entradas para as necesidades protocolarias do Concello.

13(1568).- LEVANTAMENTO DE DEPÓSITO DA OBRA “MUÍÑO” DE ANTONIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 719/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 22.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Restituír a obra “Muíño”, do pintor Antonio Fernández, depositada en 1982, no museo municipal “Quiñones de León”, co número de inventario 4172, os seus depositarios, Francisco Nantes Bello e Celia Nantes Bello, en idéntica forma e estado que tiña a obra no momento de ser entregada, acto que documentarase mediante a correspondente acta.

2º.- Dar de baixa este ben nos inventarios do museo municipal e no do concello, sinalando os motivos.

14(1569).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “RAQUEL-CHAVES “ PARA A REALIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN DO XOGUETE ANTIGO NO MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 1252/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 18.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a proposta de convenio de colaboración, que consta no expediente, entre o Concello de Vigo e a fundación “Raquel Chaves”- museo castellano manchego del juguete, para a realización conxunta, no museo municipal, dunha exposición adicada ao xoguete antigo; dentro do programa de exposicións da concellería de cultura de 2004.

2º.- Facultar ao concelleiro delegado da área de asuntos sociais para a sinatura do convenio antedito.

3º.- Autorizar un gasto, a favor da FUNDACIÓN RAQUEL CHAVES C.I.F. G-36783348, en concepto de aluguer, transporte e seguro; comisariado e dirección da montaxe. Este gasto aboarase en dos prazos: o primeiro polo 50 % do importe total (4.800 euros) á entrega da exposición en sala previa

presentación do correspondente documento xustificativo; o restante 50% á finalización da mostra previa acreditación do cumprimento pleno do convenio pola fundación realizada polo director do museo o técnico de cultura no que delegue. Ambos pagos abonaranse mediante transferencia bancaria na conta da fundación 2091-0553-17-3040003266 da entidade Caixa Galicia. Este gasto aplicarase á partida 45102260801 relativa a exposicións da Concellería de Cultura do presuposto prorrogado de 2003.

15(1570).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA E MANTEMENTO DE DEPENDENCIAS CULTURAIS. EXPTE. 7404/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 15.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a prórroga do contrato de vixilancia, mantemento e instalacións das dependencias culturais das unidades de cultura, adxudicado á empresa Securitas, Seguridad España S.A., por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, por unha anualidade (20 de decembro de 2004- 19 de decembro de 2005), segundo o disposto no contrato e no prego de cláusulas administrativas.

O custo total de contrato para todo o período (20 decembro de 2004–19 de decembro de 2005), ascende á cantidade de 323.768,76 € (*trescentos vinte tres mil setecentos sesenta e oito con setenta e seis céntimos*).

En concepto de vixilancia, o gasto sería de 307.364,35 € (*trescentos sete mil trescentos sesenta e catro con trinta e cinco céntimos*), dos que 13.867,31 € (*trece mil oitocentos sesenta e sete con trinta e un céntimos*) corresponderían ao exercicio 2004, e 293.497,04 (*douscentos noventa e tres mil catrocentos noventa e sete con catro céntimos*) ao exercicio 2005. Este gasto podería imputarse á partida 4510.227.01.00 “*Vixilancia e seguridade de exposicións*”, do presuposto municipal vixente no actual exercicio económico, prorrogado do ano 2003.

En concepto de mantemento, o gasto sería de 16.404,41 € (*dezaseis mil catrocentos catro con corenta e un céntimos*), dos que 4.101,10 € (*catro mil cento un con dez céntimos*) corresponderían ao exercicio 2004, e 12.303,31 € (*doce mil trescentos tres con tinta e un céntimos*) ao exercicio 2005. Este gasto podería imputarse á partida 4510.213.00.00 “*Reparación maquinaria, instalacións e utillaxe*”, do presuposto municipal vixente no actual exercicio económico, prorrogado do ano 2003.

16(1571).- RECLAMACIÓN DE D. FLORENTINO PECO LORENZO POR DANOS NO SEU VEHÍCULO PRODUCIDOS POR UN COLECTOR DO LIXO. EXPTE. 15700/240. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación do 28.09.04, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 5.11.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 22.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de D. Florentino Peco Lorenzo, indemnizándolle na contía de 645,39 €, correspondente ao valor da reparación do vehículo da súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

17(1572).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN. EXPTE. 41346/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 9.08.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de formigóns para o Concello de Vigo.

Con data 10.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 203 e no BOP nº 206 de datas 19 e 25 de outubro respectivamente deste ano presentáronse as seguintes proposicións: 1) Adelino Carreira S.L. e 2) Industrias del Deza S.L. (Indeza).

A Mesa de Contratación en sesión de 15.11.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as ofertas e pasándoas ó Área de Servizos Xerais para informe, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 16.11.04, que propón a adxudicación a Adelino Carrera S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 22.11.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Adelino Carrera, S.L. o concurso para a subministración de formigón por un importe total de 240.000 euros e unha baixa respecto dos prezos unitarios do 17,05. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 09.08.2004 e a oferta presentada.

18(1573).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE ÁRIDOS. EXPTE. 41350/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 9.08.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de áridos para o Concello de Vigo.

Con data 5.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 203 e no BOP nº 203 de datas 19 e 20 de outubro respectivamente deste ano presentouse unha proposición a nome de Adelino Carreira S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 8.11.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a oferta e pasándoa ao Área de Servizos Xerais para informe, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 16.11.04, que propón a adxudicación a Adelino Carrera S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 22.11.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Adelino Carrera, S.L. o concurso para a subministración de áridos por un importe total de 240.000 euros e unha baixa respecto dos prezos unitarios do 2,25%. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 09.08.2004 e a oferta presentada.

19(1574).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE FERRAXERÍA. EXPTE. 41388/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 9.08.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de materiais de ferraxería para o Concello de Vigo.

Con data 5.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 203 e no BOP nº 203 de datas 19 e 20 de outubro respectivamente deste ano presentouse unha proposición a nome de Ferretería Pombo S.A.

A Mesa de Contratación en sesión de 8.11.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a oferta e pasándoa ao Área de Servizos Xerais para informe, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 16.11.04, que propón a adxudicación a Ferretería Pombo S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 22.11.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar á Ferretería Pombo, S.A. o concurso para a subministración de materiais de ferraxería por un importe total de 60.000 euros e unha baixa respecto dos prezos unitarios do 25%. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 09.08.2004 e a oferta presentada.

20(1575).- PERMUTA DE PARCELA DO POLÍGONO Nº 1 DO PLAN PARCIAL DE SAMIL, FASE 1ª. EXPTE. 17148/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 17.11.04, conformado polo xefe de Réxime Xeral e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

En virtude do proxecto de compensación do Polígono nº 1 do Plan Parcial de Samil aprobado por acordo plenario de 27.07.94 foi adxudicado ó Concello de Vigo a parcela 76B que describese do seguinte xeito e consta no Rexistro da Propiedade inscrita a prol do Concello:

Terreo no Polígono nº 1 que se integra no Plan parcial de Samil, fase 1ª nas parroquias de Alcabre e San Pelayo de Navia, a denominación de Areeiro e cunha superficie de 400 m2. Limitando: O Norte, coa parcela 76-A propiedade de D,Carlos Prado Alonso; O Sur, coa parcela 82 propiedade do Excmo Concello de Vigo; O Leste, con vial da propia urbanización e no Oeste coa parcela 83 propiedade do Excmo Concello de Vigo.

Por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 07.04.2004 recaída no proceso contencioso-administrativo interposto por D. Juan Carlos Prado Alonso contra o acordo deste concello de 27 de marzo de 2000 no que se desestimaba a solicitude de transmisión da propiedade municipal anteriormente citada, estimouse o recurso interposto anulando dito acordo e condenando o concello a facer entrega ó reclamante da parcela 76 B do proxecto de compensación do Polígono nº 1 do Plan Parcial de Samil. Sentenza da que se lle deu traslado pola Asesoría Xurídica á Xunta de Goberno Local e da que quedou esta enterada na súa sesión de 18 de maio do ano en que andamos.

Polo anteriormente exposto e en cumprimento do fallo xudicial citado procede a transmisión da devandita parcela a favor do recorrente, e ós efectos de levar a cabo a mesma proponéase a Xunta de Goberno local adopción do seguinte acordo:

1º.- “ Transmitir a D. Juan Carlos Prado Alonso a propiedade da parcela municipal nº 76 B do Polígono nº1 do Plan Parcial de Samil de 400 m2 denominada Areeiro e cos seguintes lindeiros: Norte, coa parcela 76-A propiedade de D,Carlos Prado Alonso; O Sur, coa parcela 82 propiedade do Excmo Concello de Vigo; O Leste, con vial da propia urbanización e no Oeste, coa parcela 83 propiedade do Excmo Concello de Vigo.

2º.- “ Formalizar a transmisión mediante a suscripción do correspondente acta administrativa de entrega e toma de posesión da parcela á que se lle achegara certificación do presente acordo”.

3º.- “Facultar a Excm. Sra. Alcaldesa para a realización dos tramites e suscripción dos documentos que requira a execución do presente acordo”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1576).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as obras e subministracións foron recibidos, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Palacios Publicidad S.L. a fianza por importe de 702,44 euros constituída para responder da subministración de libros de Fco. Fernández del Riego. Expte. 15549/240.
- b) A Hags Swelek S.A. a fianza por importe de 1.801,15 € constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís, recibidas mediante acta do 31.07.98. Expte. 461/241.
- c) A Arias Hermanos S.A. a fianza por importe de 13.171,93 constituída para responder das obras de construción de pavillón polideportivo en Bouzas, que foron recibidas mediante acta de 14.04.03. Expte. 291/241.
- d) A Servicios Medioambientais Forsai S.L. a fianza por importe de 1.202,02 € constituída para responder do sevizo de colaboración contra incendios forestais. Expte. 453/241.

22(1577).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO DE 2004 (INCLUE HORAS DE MARZO, ABRIL E MAIO). EXPTE. 15391/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral do 1.12.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 30.11.04, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XUÑO e OUTUBRO DE 2004, (inclue horas de marzo, abril e maio) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 1.270 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 572'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 1.744'00 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco Javier Agulla Amorin e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1.118'00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 54'30 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Frojan Villaverde e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 89'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Fernando Alonso Correa e remata por don José Vázquez de Francisco, por un total de 566'00 horas.
- Inspección Vias e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Barciela Cea e remata por don Julio Gómez Pascual, por un total de 250'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 122'30 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 293'00 horas.
- Medio Ambiente, relación que se achega no expediente e que comeza por dona M^a Soledad García Riveiro e remata por don Gabriel Martínez Giraldez, por un total de 78'20 horas.
- Relacións Públicas, relacións que se achegan no expediente e que comezan por dona Mercedes Rivero Troncoso e rematan por don Jesús Castro Naveiras, por un total de 96'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 44.661'40 €.

23(1578).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. 2 CARRASQUEIRA EN CORUXO. EXPTE. 4531/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 19.11.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 02/09/2002 o Pleno do Concello acordou:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono "D.SU.UA2.CARRASQUEIRA" (Coruxo), promovido pola entidade mercantil "Apartamentos Paseo Marítimo, S.L." e redactado pola arquitecta D^a Miriam Arcas Ardura, visado polo COAG no 23/01/2002 -expte. 6961/411- (...). TERCEIRO: O polígono executarase polo sistema de compensación. A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espacios libres e verdes cedidos ó Concello. Haberá tamén de constituírse unha entidade urbanística de conservación".

2º.- No día 09/07/2004 a Presidenta da Xunta de Compensación dese polígono interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 18/08/2004, 26/08/2004 e 20/10/2004.

Nos días 20/09/2004 e 22/10/2004 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos emitiu Informe sobre as redes de gas e alumeado público do proxecto.

En data 15/11/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entoutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 459.101,65 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El Proyecto consiste en la apertura de dos viales en fondo de saco, de acceso a las nuevas viviendas, la ampliación de un pequeño tramo del camino de Combro, y la apertura y urbanización de un tramo de unos 90 metros lineales de un vial previsto en vigente PGOU, que arranca de este último. Entre los dos viales en fondo de saco, y con frente al vial de nueva apertura, se sitúa una pequeña zona verde, con el necesario mobiliario urbano. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, que discurrirán bajo las aceras. Indicar solamente que, debido a un error de impresión, la sección tipo del firme de calzada del vial de nueva apertura señalada en el plano 09, debe ser la de 16 cm. de mezcla bituminosa en caliente tipo D-20, y 25 cm de base de zahorra artificial. Se recomienda que de acuerdo con los actuales criterios medioambientales a aplicar en las nuevas zonas a urbanizar, en lo que concierne a la recogida de residuos sólidos urbanos, se disponga de una zona de recogida selectiva subterránea. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones, además de al Coordinador del Área de Servicios".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 459.101,65 euros.

Así mesmo, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Compensación do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

Por último, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 LOUGA), tal e como se dispón expresamente no vixente PXOU-93 e no Estudio de Detalle aprobado.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da UA 2 Carrasqueira (Coruxo), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado pola arquitecta D^a Miriam Arcas Ardura, e visado polo COAG en datas 19/10/2004, 26/08/2004, 18/08/2004 e 02/07/2004 (Expte. 4531/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén a tódolos propietarios do polígono, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COMESAÑA ABALDE

24(1579).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA U.R. 1 DO PEMN ESPARRAMÁN. EXPTE. 4452/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 19.11.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 14/02/2000 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo "03-26-D Esparramán" (Bembrive). Dito Acordo publicouse no BOP núm. 56, do 21/03/2000 e no DOG núm. 65, do 03/04/2000.

2º.- No 27/06/2003 o representante da entidade mercantil "AMBAS DÚAS S.L." interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación dunha normalización de fincas no lugar de Xestoso dentro do ámbito do referido Plan Especial. Achegou a tal efecto o correspondente proxecto técnico, asinado pola arquitecta D^a Milagros Álvarez Conde.

Previo requirimento desta Administración municipal, a devandita entidade mercantil presentou nova documentación nos días 03/11/2003 e 30/04/2004.

3º.- En data 21/05/2004 o arquitecto municipal da oficina de Planeamento emitiu un Informe no que manifestou, entoutros extremos, o seguinte:

"(...) A Normalización de Predios presentada refírese ó ámbito da Unidade Reparcelable 1, delimitada no PEMN do núcleo 03 26 D Esparramán, cunha superficie de 4.14'46 m², segundo se expón nos plano 3 Parcelas iniciais e 4 Parcelas resultantes da Documentación da Normalización de Predios. O obxecto desta Normalización de Predios é o de adapta-la configuración física das parcelas ... , en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico. Esta zona de normalización de predios está contida no planeamento de ordenación detallada, que neste caso é o xa mencionado PEMN 03 26 D Esparramán. Trátanse de finalidades reguladas no artigo 122 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (en adiante LOUG), e nos artigos 117 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística (en adiante RXU). A solución pretende dar cumprimento ó disposto no PEMN de Esparramán, que no seu apartado 7.- Normativa e no plano 21 – Calificación do solo, fixa as condicións urbanísticas que deberán cumprirse no desenrolo desta UR 1. Estas condicións reproduciranse no apartado seguinte deste informe.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS

De acordo co especificado no Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (DOG 10/05/93), coa disposición transitoria 1ª e/ da LOUG, e dado que o PEMN 03 26 D Esparramán está aprobado definitivamente, o terreo obxecto desta solicitude ten a seguinte clasificación e cualificación de solo: SOLO DE NÚCLEO RURAL, incluído no núcleo rural existente de recente formación 03 26 D Esparramán da parroquia de Bembrive. Isto é así dado que, de acordo coa disposición transitoria 1ª e/ da LOUG, ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais delimitados ó abeiro da Lei 11/1.985, de adaptación da do solo a Galicia, ... , aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural. O PEMN 03 26 D ESPARRAMÁN (BEMBRIVE), aprobado definitivamente o 14/02/00, inclúe o terreo obxecto desta consulta na Unidade Reparcelable 1 coas seguintes características:

ORDENANZA PARTICULAR PARA UNIDADES REPARCELATORIAS UR 1, UR 2.

As características da ordenanza son idénticas ás establecidas no PXOU-93 de Vigo, para a ordenanza "1.3" grado "B", de vivenda unifamiliar illada de media densidade, coas seguintes particularidades para as condicións de volume:

- Parcela mínima 400 m².
- Recuados laterais 3 m.
- Recuados a camiños 3 m., á aliñación indicada nos planos do PEMN.
- Altura máxima da edificación 9 metros, medidos dende o cumio ata a rasante do terreo.
- Diámetro mínimo do círculo inscriteble na zona unitaria 8 metros.
- Ancho mínimo de parcela a efectos de parcelación 12 m. na situación da vivenda, cun mínimo de 3 m. de ancho, na fronte da parcela ó camiño.

DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

A UR 1 do PEMN de Esparramán é un ámbito descontinuo de Normalización de Predios, formado por dúas áreas. A proposta presentada abarca as dúas zonas delimitadas. O total da UR 1 está formada por 9 parcelas iniciais, 6 na primeira zona e 3 mais na segunda. A maioría delas son actualmente inedificables, dado que non cumpren algúns dos parámetros fixados pola ordenanza de aplicación. Logo da reordenación destas parcelas, as dúas zonas seguen estando formadas polo mesmo número de parcelas, pero adaptadas as esixencias fixadas na ordenanza particular do PEMN. A normalización consegue que toda-las parcelas sexan edificables, sen que ningún propietario vexa diminuída a superficie da súa propiedade. Tan só se da un caso en que se adxudica unha parcela final en proindiviso entre dous dos propietarios. Isto é así porque a parcela inicial nº6 é inferior á parcela mínima fixada polo PEMN. No cadro seguinte resúmese, tanto a situación inicial do ámbito da UR 1 como a proposta de nova ordenación:

PARCELAS INICIAS			PARCELAS FINAIS		
Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m ²)	Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m ²)
1	Elena Vila Seijo	442'85	1	Elena Vila Seijo	442'85
2	Purificación Vila Seijo	492'75	2	Purificación Vila Seijo	492'75
3	Ambas dúas S.L.	737'00	3	Ambas dúas S.L.	445'00
4	Ambas dúas S.L.	503'41	4	Ambas dúas S.L.	445'00
5	Ambas dúas S.L.	340'18	5	Ambas dúas S.L.	503'86
6	Valentina Vila Alonso	213'27	6	Ambas dúas S.L.	186'73
				Valentina Vila Alonso	213'27
7	Luis Rodríguez Vila	572'00	7	Luis Rodríguez Vila	572'00
8	José Figueroa González	417'00	8	José Figueroa González	417'00
9	Ángel Alonso Álvarez	423'00	9	Ángel Alonso Álvarez	423'00
	Superficie total	4.141'46		Superficie total	4.141'46

CONCLUSIÓN: Dado que a Normalización de Predios presentada, tal e como quedou exposto anteriormente, cumpre coas determinacións do PEMN e do PXOU, infórmase favorablemente á aprobación inicial da Normalización de Predios da UR 1 do PEMN 03 26 D Esparramán."

4º.- No 24/05/2004 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiu un Informe xurídico ó respecto.

En data 07/06/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a normalización de fincas. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 142, do 26/07/2004 e notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por Dª Elena Vila Seijo e outros (22/07/2004) e D. Juan Antonio Domínguez Fernández (04/08/2004). Déuselle traslado dunha copia de ambos escritos a "Ambas Dúas SL". No 19/11/2004 a arquitecta de dita entidade mercantil presentou un Informe sobre as referidas alegacións, xunto co texto corrixido do proxecto de normalización de fincas.

No 19/11/2004 o arquitecto da oficina municipal de Planeamento emitíu un Informe sobre as alegacións presentadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O proxecto de normalización de fincas que agora se pretende aprobar definitivamente axústase ó disposto no art. 122 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se preceptúa que:

"1.- Cando fose necesario adapta-la configuración física das parcelas, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio (...)"

II.- Sobre as alegacións interpostas durante o trámite de información pública, cumpre sinala-lo seguinte:

II.1.- Alegación de Dª Elena Vila Seijo, Dª Mª. Pura Seijo Seijo e Dª Valentina Vila Veloso (22/07/2004, rex. 40076796).

Manifestan a súa disconformidade coa adxudicación das fincas resultantes da normalización, e coa medición da superficie das iniciais.

A alegación non pode ser aceptada, polos motivos sinalados pola arquitecta de "Ambas Dúas SL" e polo arquitecto municipal nos seus respectivos Informes antes citados. A medición das fincas parte dun levantamento topográfico obrante no expediente. As alegantes non xustifican ningún erro nesa medición. Por outra banda, a posición das parcelas resultantes coincide coa das iniciais. A regularización de lindeiros efectuada foi a mínima posible para acadar fincas edificables. A mera normalización de predios non produce cesións de solo ó Concello, nin grava as propiedades con custes de urbanización. Tampoco se diminúe a súa superficie. Únicamente se reconfiguran as parcelas para que cumpran coas determinacións do plan e resulten edificables, tal e como se preveu no Plan Especial de Esparramán. Polo contrario, as fincas das alegantes incrementarían substancialmente o seu valor como consecuencia desta normalización, pois pasarán de ineducables a edificables.

Polos motivos expostos, proponse a desestimación destas alegacións.

II.2.- Alegacións de D. Juan Antonio Domínguez Fernández (04/08/2004, rex. 40081711).

Indica, por unha banda, que as parcelas iniciais "1" e "9" pertencenlle en copropiedade con D^a Divina Pérez Alén, achegando ó efecto escritura pública de compravenda. En segundo lugar engade que no seu título de propiedade recoñéceselle maior superficie a ditas fincas ca sinalada no proxecto de normalización.

No título de propiedade aportado descríbense dúas fincas distintas, unha de 510 m2 e outra de 240 m2. Tal e como considerou o arquitecto municipal no seu citado Informe do 19/11/2004, a primeira finca correspóndese coa inicial núm. "9" do proxecto de normalización, aínda que a súa superficie real resulta ser de 423 m2. Sen embargo a segunda finca, de 240 m2, ubícase fóra dos límites desta Unidade de Normalización de Fincas. En consecuencia, recoñeceráselle a D. Juan Antonio Domínguez Fernández e D^a Divina Pérez Alén a súa titularidade sobre a finca núm. "9" desta normalización de fincas, corrixíndose a documentación do proxecto. A superficie recoñecida a ese predio debe ser a real, resultante da súa medición topográfica. Superficie real que prevalece sobre a sinalada nos títulos de propiedade (art. 103.3 do Regulamento de Xestión Urbanística, RD 3288/1978).

Propónse polo tanto a estimación parcial desta alegación, no único senso de recoñecerlle ó alegante a titularidade sobre a finca núm. "9" do proxecto de normalización de fincas.

III.- É competente para acorda-la aprobación definitiva do proxecto de normalización a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Juan Antonio Domínguez Fernández durante o trámite de información pública, no senso sinalado na parte expositiva deste Acordo. Desestima-las alegacións interpostas por D^a Elena Vila Seijo, D^a M^a. Pura Seijo Seijo e D^a Valentina Vila Veloso.

SEGUNDO:: Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de fincas de Xestoso, na UR 1 do PEMN de Esparramán, na súa última versión corrixida, asinado pola arquitecta D^a Milagros Álvarez Conde e visado polo COAG no 19/11/2004 (expte. 4452/401).

TERCEIRO: O proxecto de normalización de fincas aprobado deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade no prazo de tres meses dende que sexa firme na vía administrativa. Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ós interesados e alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRASE NOVAMENTE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COMESAÑA ABALDE

25(1580).- PARTICIPACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO PAGUS. EXPTE. 966/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 15.11.04, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O 28.10.2004 tivo entrada no Rexistro Xeral da XMU o escrito remitido polo Director Xeral do IGVS (nº doc. 40109157), co que se achegaba determinada documentación relativa ó «PROXECTO PAGUS» (Programa de Asistencia e Xestión Urbanística Sostible), financiado pola Comisión Europea no marco do Programa Interreg IIIC Zona Sur, no que a CPTOPV da Xunta de Galicia lidera unha das compoñentes estratéxicas.

I.2. O «PROXECTO PAGUS» é unha iniciativa OCR (Operación Cadro Rexional) presentada pola Rexión italiana de Umbria, adicada ó desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a mellora das condicións de vida nos centros históricos das rexións participantes. Téntase favorecer o desenvolvemento e conservación sostible dos centros históricos europeos de pequeno e mediano tamaño, mediante intervencións integradas de recualificación urbana e recuperación do patrimonio edificado, accións de mellora da accesibilidade física e mobilidade de persoas e bens e na posta en marcha, mediante a tecnoloxía informática, de servizos avanzados de información e asistencia ós habitantes dos centros históricos.

Participan no proxecto as seguintes rexións europeas: Umbria (Italia), Galicia e Andalucía (España), Val do Ave (Portugal), East Macedonia-Thrace (Grecia) e Malta. Tales rexións teñen a condición de "socios principais" e estarán asistidas por axencias e organismos públicos de ámbito rexional e polas autoridades locais no tocante á posta en marcha dos proxectos que se pretendan levar a cabo.

I.3. Segundo a información facilitada polo IGVS, a Comisión Europea cofinanciará os proxectos acollidos ó PAGUS cun máximo do 75% do presuposto total do proxecto, zonas Obxectivo 1, e do 50% no caso da Rexión de Umbria, zona Obxectivo 2. O desglose do presuposto de cada proxecto deberá ser acordado entre os socios participantes no mesmo e o líder responsable do proxecto, mediante consenso e en función das características do proxecto e as tarefas respectivas de cada socio. O presuposto total de cada proxecto seleccionado poderá oscilar entre os 100.000 e os 400.000 €.

A duración dos proxectos será de 2 anos e o prazo de execución compútase desde a data de comunicación da aprobación do proxecto polo organismo responsable da coordinación interrexional do programa.

I.4. Seguindo instrucións verbais expresas do sr. xerente da XMU e coa autorización previa da Alcaldía (Decreto do 03.11.2004), a Directora da Oficina xestora da rehabilitación da vivenda en Vigo e o técnico que subscribe asistiron os pasados días 4-6 de novembro á presentación do proxecto en Terni-Umbria (Italia) e participaron, de acordo coa proposta do IGVS (responsable do proxecto en Galicia), nas dúas mesas temáticas das compoñentes ou eixos principais que se estimaron de maior interese para a nosa cidade; a saber: A) Compoñente 2: capacitación de recursos humanos en rehabilitación [técnicos, empresas e xestores públicos]; B) Compoñente 3: accesibilidade e mobilidade de persoas e bens [mobilidade interna, transporte público, transportes alternativos, etc.].

A compoñente 2 será liderada por Galicia e prevé a capacitación específica de técnicos, empresas constructoras e cadros administrativos na planificación, desenvolvemento e xestión de proxectos de rehabilitación urbana.

A compoñente 3 é liderada pola Rexión de Umbria e, entre as actividades previstas, cítanse a realización de estudos

sobre mobilidade interna e accesibilidade de persoas ós centros urbanos desde a periferia e do hinterland, mediante a posta en servizo de transporte público alternativo ó vehículo privado e innovadores e de loxística avanzada integrada para a distribución de mercadorías.

I.5. Nas dúas mesas temáticas espúxose de forma sintética a problemática do noso centro histórico (Casco Vello+ensanche e cidade central) tanto no que atinxe ó proceso de rehabilitación emprendido como ás dificultades de accesibilidade e mobilidade existentes, orixinadas en parte pola súa propia orografía -que presenta acusadas pendentes- e en parte polo proceso de crecemento urbano extramuros experimentado en Vigo nos séculos XIX (apertura da rúa Elduayen-Paseo de Alfonso XII) e XX (Plan Parcial Castelo de S. Sebastián, etc.). Ó mesmo tempo, e de acordo coas indicacións do sr. xerente da XMU, manifestouse o interese do Concello de Vigo en participar en proxectos relacionados coas dúas compoñentes antes indicadas; manifestación suxeita, obviamente, á oportuna ratificación polos órganos decisórios municipais.

I.6. O 08.11.2004 deuse conta verbalmente ó sr. xerente da XMU das características xerais do «PROXECTO PAGUS» e, en particular, do resultado da participación dos representantes municipais nos seminarios das compoñentes núms. 2 e 3 e do calendario previsto para o desenvolvemento do Proxecto, de acordo coa información facilitada polos seus responsables. Neste sentido, para o mes de decembro de 2004 está prevista a realización dun Comité de Dirección Interrexional no que se procederá á selección definitiva dos proxectos por desenvolver.

Só a partir dese momento podería comezar a concretarse con máis detalle a participación real que tería o Concello de Vigo no Proxecto, dentro das compoñentes ou eixos principais enunciados como de interese, así como determinar as condicións particulares de execución e o cofinanciamento municipal.

I.7. En todo caso, resultaría conveniente que, de consideralo oportuno, este Concello formalizase xa, á maior brevidade posible, o seu compromiso expreso de participación no Proxecto e establecese -no nivel interno- unha organización mínima capaz de dar eficaz resposta ás esixencias que da súa execución se derivarían a curto e medio prazo, sen prexuízo das modificacións ou eventuais reaxustes que, no futuro, a propia execución do proxecto aconselle introducir.

II. PROPOSTA

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO: Manifestar o interese do Excmo. Concello de Vigo en participar no «PROXECTO PAGUS» (Programa de Asistencia e Xestión Urbanística Sostible), financiado pola Comisión Europea no marco do Programa Interreg IIIC Zona Sur e, en concreto, nas compoñentes ou eixos principais núms. 2 [capacitación de recursos humanos en rehabilitación] e 3 [accesibilidade e mobilidade de persoas e bens nos centros históricos].

SEGUNDO: Designar como coordinadores técnicos do Proxecto a D^a. Consuelo González García, directora da Oficina xestora da Rehabilitación da vivenda en Vigo, e a D. Gustavo Rodríguez Bartol, asesor xurídico da XMU, que actuarán baixo a superior dirección do sr. xerente de urbanismo e da concellería delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, coa colaboración directa da Oficina de Recursos e Programas e, de ser o caso, tamén das distintas concellerías e departamentos municipais implicados (urbanismo, patrimonio histórico, medio ambiente, tráfico e circulación, intervención/servicios centrais da XMU, etc.).

TERCEIRO: *Remitir copia deste acordo ás precitadas concellerías e departamentos municipais así como, para o seu coñecemento, á responsable xeral do «PROXECTO PAGUS» en Galicia, D^a. Encarnación Nieto Zas, do IGVS da CPTOPV da Xunta de Galicia».*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1581).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA SAN GREGORIO E ESCALEIRAS ANEXAS. EXPTE. 4560/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 24.11.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 22/11/2004 o enxeñeiro xefe da oficina municipal de Vías e Obras emitíu o seguinte Informe-Proposta:

"(...) Con data 27/08/2002 D. Eulogio Vázquez Mato en nome e representación de Promociones Gallegas S.A, propietaria dos terreos e promotora da edificación denominada "Rúa Tomás A. Alonso nº 126-128", mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción dos terreos de cesión referidos na autorización da Comisión Municipal de Goberno de data 20/05/1996 para a construción dun edificio na rúa Tomás A.Alonso nº 126-128.

As obras de urbanización dos terreos de cesión realízanse conforme os seguintes proxectos:

- "Proxecto de Urbanización da Rúa San Gregorio", aprobado definitivamente o día 26/10/1995, polo pleno do Concello de Vigo.*
- "Proxecto de Urbanización das Escaleiras existentes entre as Rúas San Gregorio e Tomás A. Alonso", aprobado o día 18/07/1995 polo pleno do Concello de Vigo.*

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- *Plano de situación dos terreos obxecto de cesión ao Concello.*
- *Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.*
- *Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ó Concello.*

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitado-los correspondentes informes ós servizos de Electromecánicos e ao servizo técnico de Aqualia como empresa Concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de agua, cos seguintes resultados: (...) En data 22/11/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras están correctamente executadas salvo vicios acochados. Con data 17/11/2004 o Servizo de Electromecánicos , informa que as

instalacións cumpren coa normativa vixente. Con data 12/03/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia , informa que as instalacións obxecto de revisión atópanse en boas condicións e a súa construción aparentemente é axeitada.

Polo exposto sómete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte, PROPOSTA:

1.- Aproba-la recepción definitiva das obras de urbanización da Urbanización correspondentes aos terreos de cesión do edificio ubicado na rúa Tomás A. Alonso nº 126-128, no ámbito delimitado no plano da zona de recepción solicitada, o cal se achega.

2.- Dar traslado deste acordo ós seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura , Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licenza de Obras e Aqualia."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Neste caso, o Informe-Proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 22/11/2004 unido ó certificado de fin de obra podería considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aproba-la recepción das obras de urbanización correspondentes aos terreos de cesión do edificio ubicado na rúa Tomás A. Alonso nº 126-128, de acordo co Informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras transcrito na parte expositiva deste Acordo (exptes. 4560/401 e 32260/421).

SEGUNDO: A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requirirá do transcurso previo do prazo de garantía dun ano dende a data de emisión deste Acordo.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo ós servizos municipais de Licencias, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Aqualia. Notifíquese tamén o seu contido íntegro ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1582).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO . Expte. 9353/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo e do arquitecto xefe de Planeamento, do 25.11.04, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

FEITOS/ANTECEDENTES.

- 1.1. O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico aprobouse definitivamente por Acordo Plenario municipal do 26/03/2001 (expte: 4959/411), en desenvolvemento dun sector de solo urbanizable delimitado no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, trala súa modificación puntual do 29/09/2000 (expte: 4868/411).*
- 1.2. O Proxecto de urbanización correspondente a este plan parcial aprobouse definitivamente por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 21/06/2001, clarexado por Acordo posterior do 30/08/2001 (expte: 4281/401).*
- 1.3. No 16/05/2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Reparcelación do Parque Tecnolóxico (expte. 4292/401).*
- 1.4. En datas respectivas 29/09/2003 e 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente as Modificacións Puntuais núms. 1 e 2 do Plan Parcial (exptes. 8265/411 e 8781/411)).*
- 1.5. No 18/10/2004, o representante do Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV) presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a tramitación e aprobación da Modificación Puntual nº 3 do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares. Aportou a tal efecto unha documentación técnica redactada pola empresa EPTISA, asinada polo arquitecto D. Alfonso Botana Castelo, datada en setembro de 2004. No 26/10/2004 os servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento notificaron ó CZFV a necesidade de subsanar unha serie de deficiencias detectadas. Dito requirimento foi atendido polo Consorcio mediante un escrito presentado no 17/11/2004 co que achegou unha segunda documentación técnica corrixida. O proxecto de modificación foi remitido ó servizo municipal de Medio Ambiente para informe técnico.*
- 1.6. A documentación técnica á que se refire este informe ven asinada polo enxeñeiro de camiños , canles e portos D. Vicente Alcón Vidal, polo arquitecto D. Alfonso Botana Castelo, e polo licenciado en biolóxicas D. Calixto Varela Castejón .*

2. OBXECTO.-

A modificación solicitada pretende principalmente un cambio de uso nas parcelas núms. "11" e "12" do Parque Tecnolóxico, para permitir a implantación da actividade industrial dunha importante empresa proveedora de PSA PEUGEOT-CITRÖEN. Consiste basicamente en:

2.1.- Modificar o uso urbanístico da parcela nº "11", de 8.975 m2 de superficie, previsto no Plan Parcial vixente como "uso administrativo privado", a "uso Industrial", coa Ordenanza Industrial II.

2.2.- Modificar o uso urbanístico dunha parte de 14.949 m2 de superficie da parcela núm. "12", destiñada no Plan Parcial vixente a "Investigación y Desarrollo", que pasaría a "uso Industrial", Ordenanza Industrial "II".

2.3 A xustificación da modificación puntual baséase na necesidade de conseguir unha superficie unitaria suficiente para unha das principais empresas proveedoras de CITRÖEN, que doutro xeito non tería cabida no Parque. Entende o CZFV, promotor da modificación, que a implantación desta actividade industrial (que suporá a creación de novos postos de traballo, dos que 239 serán directos, e a potenciación do sector industrial e automovilístico) xustifica o interese público da modificación que se propón.

3. CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

De acordo co disposto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93), trala súa modificación puntual aprobada por acordo plenario do 29/09/2000, os terreos do Parque Tecnolóxico constitúen un sector de Solo Urbanizable, remitido a un Plan Parcial coa seguinte Ficha de Características:

DENOMINACIÓN: PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO

Nº DE PLANO: 17-37, 17-36, 18-39, 18-38, 18-37, 18-36, 19-37, 19-38

CLASIFICACION DE SOLO: URBANIZABLE

TIPO DE NÚCLEO : POLÍGONO INDUSTRIAL DE NOVA CREACIÓN

PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO: PLAN PARCIAL

SUPERFICIE. 874.195 m2

INICIATIVA DE PLANEAMENTO: PUBLICA

SISTEMA DE ACTUACIÓN : EXPROPIACIÓN

OBXECTIVOS: CREACIÓN DE PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO

EDIFICABILIDADE BRUTA : 1 m2/m2

USOS CARACTERÍSTICOS. -INDUSTRIAL
-INNOVACIÓN

USOS INCOMPATIBLES: VIVENDA (Permítense vivendas para gardería nas condicións establecidas no PXOU para o uso industrial).

USOS COMPATIBLES: TÓDOLOS DE MAIS. Os usos compatibles cos principais (Innovación e industrial) enténdese que son admisibles cando están relacionados ou complementan ós usos e características de Parque tecnolóxico e Loxístico. No Plan Parcial estableceranse as limitacións de uso que, en cada zona, sexan precisas para compatibiliza-los mesmo cos usos principais

RESERVAS MÍNIMAS PARA DOTACIÓN S:

ESPACIOS LIBRES DE USO PÚBLICO : 10%

OUTROS EQUIPAMENTOS: 4%

SUPERFICIE MÍNIMA DE CESIÓN DE SOLO:

A SINALADA NO CONVENIO URBANÍSTICO.

O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, na súa primeira versión, aprobada definitivamente no 26/03/2000, tiña as seguintes características:

- Superficie do sector.....874.436 m²
- Edificabilidade : 0,5 m²/m².....432.909 m²c.
- Espacios libres de uso público.....130.556 m²
- Equipamentos públicos..... 27.601 m²
- Equipamentos privados.....57.545 m²
- Prazas de aparcamento.....5.045

Como pode comprobarse, o Plan Parcial non consumiu a totalidade da edificabilidade máxima prevista no Plan Xeral (1 m²/m²), senón tan só a metade (0,5 m²/m²).

O Plan Parcial Modificado, trala aprobación da Modificación núm. 2, quedou como segue:

- Superficie do sector.....874.436 m²
- Edificabilidade.....461.622 m²c. (0,52 m²/m²)
- Espacios libres de uso público.....130.556 m²
- Equipamentos públicos.....27.601 m²
- Equipamentos privados..... 57.545 m²
- Prazas de aparcamento.....5.045

Polo tanto o Plan Parcial resultante da Modificación núm. "2" tampouco esgota a edificabilidade posible segundo o Plan Xeral.

O ámbito da nova Modificación agora proposta, que comprende unha superficie de 23.924 m², atópase dentro da delimitación do Plan Parcial e inclúe a parcela núm. "11" completa, e unha parte da parcela núm. "12" do Proxecto de reparcelación aprobado.

4. A DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL 2.-

A documentación presentada, na súa última versión corrixida, comprende os seguintes documentos:

- MEMORIA TÉCNICA

1. Obxecto.

2. Localización.

3. Conveniencia e oportunidade da modificación.

4. Xustificación da proposta de modificación.

4

4.1 Antecedentes

4.2. Planeamento vixente. Marco legal.

4.2.1. Antecedentes

4.2.2. Xustificación do cumprimento dos estándares mínimos da LOUG.

4.3. Xustificación do cumprimento da lei 8/97 de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.

5. *Determinación da Modificación.*
6. *Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico*
 - 6.1. *Introducción e obxectivos.*
 - 6.2. *Características do ámbito.*
 - 6.2.1. *Características físicas*
 - 6.3. *Identificación de ámbitos susceptibles de sufrir impactos.*
 - 6.3.1. *Hábitats de interese.*
 - 6.4. *Identificación de aspectos da modificación susceptibles de producir impacto.*
 - 6.5. *Análise do grao de incidencia da actuación.*
 - 6.6. *Medidas correctoras*

- **PLANOS:**

1. **SITUACIÓN**
2. **LOCALIZACIÓN**
- 5 3. **ZONIFICACIÓN VIXENTE**
4. **ZONIFICACIÓN MODIFICADA**
5. **PLANO DE DETALLE DA SEGREGACIÓN DA PARCELA Nº 12.**

- **ANEXOS:**

1. **DOCUMENTO INDICATIVO DA FUTURA IMPLANTACIÓN.**
2. **ESCRITO DE PSA PEUGEOT-CTRÖEN Ó CONCELLO DE VIGO.**

Esta documentación corrixida substitúe á primeira versión presentada no 18/10/2004, permanecendo no expediente a substituída coa correspondente dilixencia.

Apórtanse, nesta documentación, como aptdo. "7" da Memoria, tódolos documentos e páxinas do Plan parcial aprobado que se verían modificados coa aprobación da Modificación proposta. En concreto: aptdo. "5.1" da Memoria Xustificativa do Plan parcial; cadro de necesidades de aparcamento do aptdo. "5.2", aptdo. "5.4.3", cadro "A1.02" (Resumo de características da ordenación), e arts. 8, 15 e 17 das Ordenanzas reguladoras do Plan Parcial.

De aprobarse inicialmente este expediente de Modificación Puntual, recoméndase que antes da súa aprobación definitiva se elabore e presente por parte do CZFV un Texto Refundido completo, que recolla o Plan Parcial definitivo, tras tódalas súas modificacións puntuais. Este texto refundido permitirá a execución do Plan Parcial cunha mínima seguridade xurídica.

5. ANÁLISE DO CONTIDO DA MODIFICACIÓN:

A Modificación proposta suprime a totalidade do uso administrativo privado previsto no Plan Parcial. Así mesmo reduce a superficie destinada a I+D, e incrementa, a cambio, a superficie de uso industrial, que se concentra agora xunto á rotonda de acceso desde a Estrada de acceso á Universidade.

En resumo, a modificación produce, no seu ámbito, as variacións nas intensidades de uso seguintes:

- a) *Incremento de superficie destinada a uso industrial en 23.924 m² de solo e de edificabilidade industrial de 16.747 m² construíbles de uso industrial II.*
- b) *Diminución de superficie destinada a uso I + D "Investigación y desarrollo", en 14.949 m², e diminución de edificabilidade nese uso, de 11.959,20 m² construíbles.*

c) Supresión de 8.975 m² de superficie destinada a "uso administrativo", e de 8.975 m² construíbles nese uso.

En conxunto, a Modificación produce un descenso de edificabilidade, de 6.760 m²c, mantendo a mesma superficie e edificabilidade para o resto de usos, reservas para aparcamentos e servizos urbanos que o Plan Parcial vixente.

Referido ó seu ámbito as modificacións son as seguintes:

USO	PLAN PARCIAL VIXENTE		MODIFICACION PROPOSTA		VARIACION	
	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
ADMINISTRATIVO	8.975 m ² (P-11)	8.975 m ² c	0m ²	0m ² c	- 8.975 m ²	-8.975 m ² c
TOTAL:	8.975 m ²	8.975 m ² c	0 m ²	0 m ² c		
I + D INVESTIGACION Y DESARROLLO	14.949 m ² (P-12.01)	11.959,20 m ² c	0 m ²	0 m ²	-14.949 m ²	- 1.494,9m ² c
TOTAL:	14.949 m ²	11.959,20 m ² c	0 m ² c	0 m ² c		
INDUSTRIAL	0 (P-11) 0 (P-12.01)	0 m ² c (P-11) 0 m ² c (P12-01)	8.975 m ² (P-11) 14.949 m ² (P-12.01)	6.283 m ² c (P-11) 10.464,30 m ² c (P-12.01)	+23.969 m ²	+16.747m ² c
TOTAL:	0 m ²	0 m ² c	23.924 m ²	16.747,30 m ² c		
TOTAL:	23.924 m ²	20.934,20 m ² C	23.924 m ²	16.747,30 m ² C	0	-4.187 m ² c

Tal e como se sinalou nas anteriores modificacións puntuais, debe indicarse que esta nova modificación do Plan parcial obrigará a rectifica-lo Proxecto de reparcelación aprobado, para axustalo á nova zonificación de

ordenanzas. Neste senso cómpre salientar que xa se lle requiríu ó Consorcio da Zona Franca mediante Oficio do 13/07/2004 que presentase as pertinentes correccións no Proxecto de Urbanización e no Proxecto de Reparcelación, para axustalos á ordenación da Modificación Puntual nº 2 do Plan Parcial. Aínda non cumpríu dito requirimento.

Finalmente, dende a perspectiva da totalidade do ámbito do Plan parcial, trala aprobación desta Modificación Puntual 3ª, a ordenación xeral quedará como segue (cadro resumo "A1.02" que se incorpora na páx. 22 da Memoria xustificativa da Modificación):

-Superficie do sector.....	874.436 m2
-Edificabilidade.....	457.432 m2c. (0,52 m2c/m ²)
-Espacios libres de uso público.....	130.556 m2
-Equipamentos públicos.....	27.601 m2
-Equipamentos privados.....	57.545 m2
-Prazas de aparcamento.....	5.045

Polo tanto cúmprese igualmente as determinacións do vixente PXOU-93, consumindo menos edificabilidade ca reflectida na ficha de características (1 m2c/m2).

Na documentación técnica xustifícase, así mesmo o cumprimento dos estándares mínimos que para dotacións de sistemas locais de espazos libress, equipamentos e aparcamentos, establece o art. 47.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA). Igualmente inclúese unha xustificación do cumprimento da lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

A documentación tamén incorpora, no cap. "6", un Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico (art. 65 LOUGA). Dito Estudo -que deberá ser informado polos servizos municipais de Medio Ambiente-, recolle unhas medidas correctoras consistentes na utilización de tratamentos vexetais nos taludes e muros de contención, que se trasladan á normativa específica desta zona de ordenanza

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

4.1 Por non atoparse o vixente PXOU-93 adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), deberá aplicarse o disposto na súa Disp. Trans. 1ª.1.d), que permite respecta-los usos e intensidades previstos polo planeamento xeral vixente.

4.2. O obxecto, determinacións e documentación dos Plans Parciais establécense nos arts. 63, 64 e 65 LOUGA, e a súa tramitación no art. 86 da mesma Lei.

4.4. O artigo 94 da LOUGA engade que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, e o art. 93 da mesma Lei engade que o procedemento da modificación coincidirá co de aprobación do instrumento de planeamento.

4.5. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestad administrativa, a denominada "potestas variandi", que corresponde ás entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

4.6. Esta modificación fúndase en razóns de interese público especificadas na memoria do proxecto, non estrictamente urbanísticas. Motivación que deberá ser valorada pola Corporación Municipal.

4.7. Esta modificación puntual, que supón unha redución da intensidade edificatoria, non afecta ás dotacións públicas, nin ás zonas verdes do Plan parcial aprobado.

8. PROPOSTA DE ACORDO.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de goberno local, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO de Valadares, promovida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, segundo a documentación técnica redactada pola entidade mercantil "EPTISA", asinada polo polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Vicente Alcón Vidal, polo arquitecto D. Alfonso Botana Castelo, e polo biólogo D. Calixto Varela Castejón; visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños no 16/11/2004 (expte. 9353/411).

SEGUNDO.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto desta Modificación de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

TERCEIRO.- Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncio no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos. Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ós propietarios afectados pola modificación puntual. Requíraselle ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a fin de que antes da aprobación definitiva presente un Texto Refundido completo do Plan Parcial, coa ordenación final resultante da tres modificacións puntuais.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1583).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 4414/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 26.11.04, que di o seguinte:

1º.- En data 05/12/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"Primeiro.- Inicia-la formulación municipal da modificación puntual do PERI da Praza Elíptica a fin de rectifica-la contradicción existente na súa documentación entre a edificabilidade real fixada á parcela 2/01 e o sólido capaz asignado a esta, que non permite a súa localización, trasladando, xa que logo, esta edificabilidade real non susceptible de ser materializada na parcela 2/01 ás parcelas 3/08, 3/09 e 3/14 ou a calquera outra que no curso do procedemento se poida revelar máis idónea. Isto coa conseguinte rectificación da conta de liquidación da reparcelación do plan especial, na que se deberán reflecti-las compensacións económicas procedentes.

Segundo.- Elaborada que sexa a documentación precisa pola Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo-Dirección Técnica dos Servizos Urbanísticos, tramítese como modificación puntual do PERI da Praza Elíptica, formulada polo Concello, remitindo o expediente ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e

Vivenda da Xunta de Galicia, a fin de obter o informe previo á aprobación inicial previsto no artigo 41.3 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia".

2º.- En cumprimento do disposto neste Acordo, o enxeñeiro xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo redactou o proxecto de modificación puntual do PERI e Proxecto de Reparcelación da Praza Elíptica. Dito proxecto inclúe a seguinte documentación, datada en novembro (Memoria) e setembro (Planos) de 2004:

- MEMORIA: 1.- Introducción, 2.- Antecedentes, 3.- Información do ámbito da modificación, 4.- Xustificación da nova proposta de modificación do PERI Praza Elíptica, 5.- Descrición da proposta: modificacións, 6.- Afección medioambiental e paisaxista, 7.- Consideracións xurídicas.

- PLANOS.

Na Memoria do proxecto de modificación indícase o seguinte:

"(...) El ámbito a la que afecta la modificación corresponde a una superficie de 210,57 m². Dicha superficie es la edificabilidad remanente no agotada en la parcela 2/01. Esta parcela está construída agotando la edificabilidad que corresponde al sólido capaz grafiado en el PERI, esto es: 1.014,53 m², siendo la edificabilidad real asignada en el PERI a dicha parcela 1.225,10 m². Es por ello que esta modificación puntual no supone en ningún momento un incremento de la edificabilidad, sino un traspaso de la edificabilidad, no susceptible de materializar en la parcela 2/01, a las parcelas 3/08, 3/09 y 3/14. (...) La necesidad de realizar una modificación el PERI Plaza Elíptica viene motivada por un error contenido en el Texto Refundido del PERI I-05, ya que a la parcela 2/01 propiedad de ROBEREST, CB, le corresponde una edificabilidad de 1.225,10 m², habiendo consumido con el sólido reseñado en el PERI y actualmente ejecutadas 1.014,53 m², por lo que tiene un sobrante de edificabilidad de 210,57 m², que no son susceptibles de materializar sobre la parcela 2/01, ya que dicha edificación se encuentra ya consolidada. Asimismo, el sobrante de edificabilidad de 210,57 m² se repartiría de mutuo acuerdo, entre las parcelas 3/08, 3/09 y 3/14, no produciéndose en ninguna de ellas una modificación en la ocupación del subsuelo tal y como se pone de manifiesto en el plano número 5 en relación al plano número 4 el cual refleja la ocupación en subsuelo según el texto refundido expte. 1-5 Plaza Elíptica. Las parcelas 3/08 y 3/09 son propiedad de Doral Galicia Promociones Inmobiliarias, SL y la parcela 3/14 de la entidad Enríquez SA".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A modificación puntual do PERI da Praza Elíptica e do seu Proxecto de Reparcelación deben tramitarse segundo o disposto nos arts. 86, 134.4 e 117 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Ambas modificacións acumúlanse nun único procedemento, ó amparo do preceptuado no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC).

Segundo manifesta o Enxeñeiro xefe dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, esta modificación non supón ningún incremento de edificabilidade. Obedece unicamente á subsanación dun erro material detectado no Texto Refundido do PERI actualmente vixente. Afecta a unha superficie mínima do ámbito e non prexudica a ningún interesado. Asemade, a modificación axústase ó preceptuado nos arts. 70 e 94 LOUGA.

É competente para adoptalo Acordo de aprobación inicial que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación puntual do PERI da Praza Elíptica e do seu Proxecto de Reparcelación, promovida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, con Memoria e Planos asinados polo Enxeñeiro Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia, en novembro e setembro de 2004 (expte. 4414/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG, BOP e en dous xornais dos de maior difusión na Provincia, neste último caso en dous días consecutivos. Notifíqueselle o seu contido íntegro ós propietarios das parcelas afectadas pola modificación, así como ós que figuran personados como interesados no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1584).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS DA 1ª TRAVESÍA A PASTORA. EXPTE. 4550/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 26.11.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 28/09/2004 o representante da entidade mercantil "Promociones Serverino Estévez Comesaña SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de aprobación dun Proxecto de Obras Ordinarias sobre a Primeira Travesía da Pastora. Dito proxecto vencéllase ó expediente de licencia de obras núm. 49694/421 referido a unha parcela sita entre a Avda. de Castrelos núm. 7 e a Travesía Pastora 1ª.

Mediante Oficio do 05/11/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas requiríulle á devandita entidade promotora a subsanación de certos extremos do proxecto.

No 09/11/2004 o representante de "Promociones Severino Estévez Comesaña SL" presentou a documentación requirida.

No 19/11/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitíu Informe favorable sobre o devandito proxecto.

A versión final do proxecto de obras ordinarias que agora se pretende aprobar, foi asinado polos arquitectos D. Roberto Laguna Fondovila e D. Julián Laguna Comi e visado polo COAG nos días 20/09/2004 e 08/11/2004.

Con esta obra preténdese completar os servizos urbanísticos dun pequeno tramo da rúa Travesía Pastora 1ª, de acordo co disposto no planeamento vixente. O presuposto total da obra, incluído IVE, é de 59.671 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O proxecto de obras ordinarias de referencia resulta acorde co disposto no Art. 90 R.D.Leg. 781/1986 do 18 de abril polo que se aprobou o Texto Refundido de Réxime Local, Arts. 124 e 51 R.D.Leg. 2/2000, do 16 de xuño

(TRLCAP), Art. 67.3 R.D. 2159/1978, do 23 de xuño (RPU), Arts. 14 e ss. Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, aprobatorio do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia (RDUG) e preceptos concordantes do Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL). Axústase tamén ás previsións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobalo proxecto de obras ordinarias da Travesía a Pastora 1ª, promovido pola entidade mercantil "Promociones Severino Estévez Comesaña SL", redactado polos arquitectos D. Roberto Laguna Fondovila e D. Julián Laguna Comi, cun presuposto de execución por contrata (incluído IVE) de 59.671 euros. (expte. 4550/401).

SEGUNDO: O inicio das obras deberá comunicarse ó coordinador municipal da Área de Servizos, para o seu control e seguimento. Notifíquese este Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén á oficina municipal de Licenzas e ó coordinador da Área de Servizos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1585).- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREO AO CONCELLO DE VIGO PARA ENSANCHE E MELLORA DA PRAZA DE MIRAFLORES. EXPTE. 42482/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 22.11.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data do 28 de setembro de 2004, Dª. Julia Quintela Coello, solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos a superficie da súa propiedade e vivenda en ruínas, situada na Plazoleta de Miraflores esquina Quiros na parroquia de Sárdoma, cedida para o ensanche e mellora da estrada, axardinamento e ubicación de contenedores de reciclaxe.

A dita parcela pertencelle por herencia de D. Antonio Quintela Quintela. Aporta testamento aberto outorgado por D. Antonio Quintela Quintela e autorizado polo que foi notario de Vigo, D. Cesareo Vazquez Ulloa o 4 de abril de 1960, co número 667 do seu protocolo.

2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela en solo urbano incluída no ámbito da U.A. 1 MIRAFLORES, do núcleo 16.02 RAVISO A, sen desenvolver neste momento.

3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por D^a. Julia Quintela Coello, informando, en data do 28 de outubro de 2004, o seguinte:

- superficie de cesión de vivenda = 48,00 m²
 - superficie de cesión de terreo = 159,00 m²
- Superficie total de cesión= 207,00 m²

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obligatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerarase a efectos de parcela mínima.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 207,00 m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D^a. Julia Quintela Coello da porción de parcela de 207,00 m² de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora da estrada, axardinamento e ubicación de contenedores de reciclaxe.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.

Cuarto.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra este acordo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1586).- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREO AO CONCELLO DE VIGO PARA AMPLIACIÓN DO CÑO. BAIXADA AO CASTAÑO. EXPTE. 4563/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 2.12.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data do 01/12/2004, D. Francisco Castro Andrade, en representación da entidade mercantil "Finca do Conde SA" presentou un escrito nesta Administración municipal no que comunicou, por unha banda a súa intención de ceder ó Concello unha superficie de 260 m² para a mellora das condicións funcionais do camiño de Baixada ó Castaño, na Pastora-Residencial 3 (Sto. Tomé de Freixeiro), e pola outra a reserva e recoñecemento do aproveitamento urbanístico xerado polo terreo cedido.

A dita parcela perténcelle por Escritura Pública de "Segregación e Compraventa" outorgada no 28/02/2003 perante o notario de Vigo D. José-Antonio Rodríguez González, co núm. 584 do seu protocolo.

A cesión ofrecida resulta de alto interese para o Concello. Facilitará a consecución das obras de mellora do camiño de Baixada ó Castaño, saturado de tráfico circulatorio. Así o sinalaron o Enxeñeiro Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo e o Xerente de Urbanismo, nun Informe do 01/12/2004, obrante no expediente.

Por último incídese en que na parcela veciña á que agora se examina efectuouse xa unha cesión similar no expte. núm. 4136/401 por parte das entidades mercantís "Vialmar SA" e "Inversiones Basmar SA". Cesión aceptada por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 19/02/1999.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 260 m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co preceptuado no art. 127.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte da entidade mercantil "Finca do Conde SA" da porción de parcela de 260 m² de superficie, que se identifica no expediente, con destino á mellora da rúa de Baixada ó Castaño, nos termos solicitados por dita interesada no seu escrito do 01/12/2004 (expte. 4563/401).

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licencia resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen. Facúltase á sra. Alcaldesa-Presidenta ou Concelleiro no que delegue a outorga-los documentos precisos para tal fin.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, o aproveitamento urbanístico correspondente á superficie cedida.

Cuarto.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1587).- EXECUCIÓN DE SENTENZA SOBRE A ANULACIÓN DO ESDUTIO DE DETALLE DA U.E. II-10 FRAGOSO. EXPTE.9411/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 23.11.04, que di o seguinte:

FEITOS

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse un polígono en solo urbano denominado "UE II-10 Fragoso", dunha superficie de 4.142 m², remitido a un Estudio de Detalle a executar polo sistema de compensación (plano núm. 15-29).

2.- No 26/10/1995 o Pleno do Concello acordou:

"(...) Aprobar definitivamente a modificación da delimitación da UE II-10 Fragoso, delimitada no Plan Xeral, e o Estudio de Detalle do seu ámbito, presentado por 'Casas Tibeco, SL' e redactado pola arquitecta dona María A. Leboreiro Amaro, coa documentación denominada 'Alternativa 1', visada polo COAG o 10 de maio e o 5 de xullo de 1994, e planos reformados números 3, 4 e 6 visados o 31 de marzo de 1995" (expte. 3034/411).

3.- En datas respectivas 03/06/1996 e 13/12/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización e Proxecto de Compensación dese ámbito (exptes. 3897/401 e 4000/401).

No 24/06/1998 outorgouse Licenza de Obras á entidade mercantil "Centro Inmobiliario Vigo, SL" para construír un edificio de baixo e 6 plantas para 40 vivendas nese ámbito -expte. 25104/421-. As vivendas xa foron

construídas e figuran inscritas no Rexistro da Propiedade núm. 3 de Vigo a nome de terceiros adquirentes (fincas rexistras 61.983 e ss.).

4.- No 04/11/1999 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dictou a súa Sentenza núm. 711/1999 no recurso cont.-ad. 2/4194/1996 interposto por Eduardo Canabal Sanz. Nela estimouse parcialmente o recurso interposto, anulándose o referido Acordo plenario do 26/10/1995 de aprobación definitiva do Estudio de Detalle. O Concello interpuxo recurso de casación contra a Sentenza, que foi inadmitido por Auto do Tribunal Supremo do 10/09/2001, por versar sobre dereito autonómico.

5.- No ano 2003 Eduardo Canabal Sanz instou do TSXG a execución da referida sentenza firme. Mediante varios oficios da Xerencia de Urbanismo dictados en xuño de 2003 comunicóuselle ás comunidades de propietarios dos edificios núms. 87 e 89 da Avda. de Fragoso, e á entidade mercantil "Centro Inmobiliario Vigo SL" a existencia das mentadas Sentenzas, a fin de que se personasen como interesados no litixio na defensa dos seus dereitos. No día da data ditos interesados aínda non se personaron no proceso.

6.- Despois de varias incidencias procesuais, o TSXG dictou unha Providencia no 10/11/2004 requirindo desta Administración municipal a execución urxente da Sentenza firme de referencia, sen precisar o alcance de dita execución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A Sentenza do TSXG do 04/11/1999 limitouse a anula-lo Estudio de Detalle da "UE-II-10 Fragoso". Pero non afectou ós posteriores actos de aplicación desa figura de planeamento secundario: proxecto de compensación, proxecto de urbanización e licenza de obras, aprobados por resolucións firmes, non impugnadas e anteriores á propia sentenza.

En consecuencia, a execución desta resolución xudicial non pode conleva-la derruba do edificio erixido ó amparo deses actos anteriores non recorridos. Así resulta do disposto no art. 73 Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LXCA-98) no que se preceptúa que:

"As sentenzas firmes que anulen un precepto dunha disposición xeral non afectarán por sí mesmas á eficacia das sentenzas ou actos administrativos firmes que o aplicasen antes de que a anulación alcanzase efectos xerais (...)".

Tamén o art. 102.4 'in fine' Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificado por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (LRXA-PAC) prohíbe a revisión de oficio de "os actos firmes" dictados en aplicación dunha disposición administrativa nula. Do mesmo xeito, transcorreu xa o prazo máximo de 4 anos previsto no art. 103 LRXA-PAC para a revisión de actos anulables. Por último, resulta de aplicación o preceptuado no art. 106 da mesma Lei, no que se dispón que: "As facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando por prescripción de accións, polo

tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ó dereito dos particulares ou ás leis".

A subsistencia de ditos actos firmes foi ratificada polo Tribunal Constitucional na súa Sentenza 54/2002, do 27 de febreiro (FD "9"), na que afirmou o seguinte:

"(...) la modulación del alcance de nuestra declaración de inconstitucionalidad no se limita a preservar la cosa juzgada. Más allá de ese mínimo impuesto por el art. 40.1 LOTC debemos declarar que el principio constitucional de seguridad jurídica (art. 9.3 CE) también reclama que —en el asunto que nos ocupa— esta declaración de inconstitucionalidad sólo sea eficaz pro futuro, esto es, en relación con nuevos supuestos o con los procedimientos administrativos y procesos judiciales donde aún no haya recaído una resolución firme. En efecto, al igual que dijimos en las SSTC 45/1989, de 20 de febrero (FJ 11), 180/2000, de 29 de junio (FJ 7), sobre la Ley riojana 2/1993, de presupuestos, y 289/2000, de 30 de noviembre (FJ 7), sobre Ley balear reguladora del impuesto sobre instalaciones que incidan en el medio ambiente, entre otras, el principio de seguridad jurídica (art. 9.3 CE) reclama la intangibilidad de las situaciones jurídicas consolidadas; no sólo las decididas con fuerza de cosa juzgada, sino también las situaciones administrativas firmes. Esta conclusión se refuerza si se tiene en cuenta, además, que dotar de eficacia ex tunc a nuestra declaración de nulidad distorsionaría gravemente la actividad de gestión urbanística desarrollada al amparo de la norma que se declara inconstitucional, tanto por los Municipios vascos como por los particulares, trascendiendo, incluso, las previsibles consecuencias económicas adversas que la revisión de las cesiones obligatorias ya firmes supondrían para los Municipios, con el consiguiente riesgo de quiebra del principio de suficiencia financiera de las Haciendas locales a que se refiere el art. 142 CE".

Á mesma conclusión chegou o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) en reiteradas sentenzas referidas a esta específica cuestión, poidéndose citar como exemplo paradigmático a do 31/01/2000 (relator: Excmo. Sr. de Oro-Pulido y López, arz. 1929).

II.- Do antedito derívase a conclusión de que a execución desta sentenza non pode conleva-la derruba do edificio construído nese ámbito ó ampararse nunha Licenza, Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización subsistentes e firmes.

O edificio atópase en situación análoga á de "fóra de ordenación". Ubícase nun ámbito remitido ó planeamento secundario e carente dél.

Por estes motivos, a execución da Sentenza consistirá precisamente na substitución do instrumento de planeamento anulado, por outro de novo cuño que se axuste ós criterios do Tribunal. Elo sen prexuízo de que, tal e como dispón o art. 71.2 LXCA-98: "Os órganos xurisdiccionais non poderán determina-la forma na que deberán redactarse os preceptos dunha disposición xeral en substitución dos que anulasen, nin poderán determina-lo contido discrecional dos actos anulados".

A ordenación que se estableza neste novo instrumento de planeamento secundario deberá xustificarse en motivos de interese público. Non terá que coincidir coa recollida no Estudio de Detalle anulado. Nese suposto -non

coincidencia- o edificio executado no polígono permanecería en situación de fóra de ordenación, cos efectos legalmente previstos.

III.- É competente para dictar este Acordo a Xunta de Goberno Local, tal e como preceptúa o art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local para que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Incoar un procedemento para a execución da Sentenza firme núm. 711/1999, do 4 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso cont.-ad. 2/4194/1996, pola que se anulou o Estudio de Detalle da "UE II-10 Fragoso" (expte. 9411/411).

SEGUNDO: Que, pola Xerencia Municipal de Urbanismo se formule e tramite un novo instrumento de planeamento secundario que substitúa o anulado, axustándose ó criterio da referida Sentenza firme.

TERCEIRO: Notifíqueselle este Acordo á Asesoría Xurídica Municipal, para que llo comunique ó Tribunal. Notifíqueselle tamén ás comunidades de veciños afectadas, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1588).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0451373	2.500,00	2.299,68	200,32	
EGEA TORRON PILAR	0452585	800,00	800,00		
MAGDALENA VILA MARIA XESUS	0453939	300,00	92,49	207,51	
SAN LUIS COSTAS AVELINO	0452570	495,33	495,33		
“	0427653	2.500,00	1.421,64	1.078,36	
“	0450900	55.379,93	55.379,84	0,09	
TOTAL			60.488,98		

34(1589).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2004. EXPTE. 16303/502.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 1.12.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal de Inspección de Tributos, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2004, para que se inclúan na nómina do mes de decembro de 2004.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
6110 (1210)	Inspección de Tributos	2.941,00
TOTAL		2.941,00

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

35(1590).- TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL A FAVOR DE D. FABIÁN TORRES FIGUEROA EN NOME E REPRESENTACIÓN DE NEMOMANÍA S.L. PARA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE SEN MÚSICA EN RÚA AREAL Nº 20 BAIXO. EXPTE. 28567/422.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e vista a proposta do xefe do Negociado de Licenzas de Actividades e Instalacións, do 1.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Avocar, de acordo do que sinala o artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a competencia delegada no Concelleiro delegado de urbanismo e Medio Ambiente, que se atopa incurso nunha das causas de abstencións ás que se refire o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para autorizar a transmisión de licenza de actividade que se describe no seguinte parágrafo.

2º.- Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada pola sociedade interesada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 27.10.04 e documentación

obranche no expte. 28.567/422 -conforme ó establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 13.1. do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da ACTIVIDADE de RESTAURANTE SEN MÚSICA no local situado en AREAL(RUA) Nº 20, BAIXO, (VIGO), a favor de don Fabián Torres Figueroa en nome e representación da sociedade mercantil NEMOMANÍA, S.L., nos mesmos termos e condicións en que se concedeu á entidade Frades Areal, S.L. por resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 26/06/2003, segundo expediente 18487/422.

O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.

A superficie do local é de 248,90 m2. e o aforo máximo autorizado para o local é de 98 persoas.

A potencia total instalada en forza é de 4,09 CV en máquinas con motor e de 12,10 Kw. noutros receptores eléctricos.

DEBERÁ CUMPRIR E STRICTAMENTE COA VIXENTE ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACION ACUSTICA PRODUCIDA POLA EMISION DE RUIDOS E VIBRACIONES. O NIVEL DE RUIDOS TRANSMITIDOS Ó INTERIOR DÁS VIVENDAS –HABITACIONES— POLO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NON PODERÁ SOBREPASAR EN NINGÚN MOMENTO DE 35 dB(A) ENTRE AS 8:00 A 22:00 HORAS E DE 30 dB(A) ENTRE AS 22:00 A 8:00 H.-

Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.

Segundo informe do Servizo de Inspección da Xerencia de Urbanismo de data 1/12/2004, o local axústase ao proxecto que foi obxecto de licenza e foi retirado o equipo de música que anteriormente estaba instalado no local.

3º.- INFORMAR da presente resolución ao Departamento de Disciplina Urbanística: Infraccións aos efectos procedentes.

INCORPORASE NOVAMENTE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

36(1591).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS E SOCIO-SANITARIAS CON CARGO AO FONDO SOCIAL. EXPTE. 15398/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os acordos da Comisión da Xestora do Fondo de Acción Social, os documentos contables RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 19.11.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo aboamento das seguintes axudas especiais por importe total de 10.909,00 €. (DEZ MIL NOVECENTOS NOVE EUROS), aos seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
Álvarez Bernárdez Amador	35933131	12990	630
Faro Chamadoira Ángeles	36033947	15071	3435
Fernández Alonso José	36037789	12055	1665
Fernández Álvarez Florentino	36019741	15473	3689
Martínez Pampillón Pergentino	36118429	22266	540
Rielo Franco María Rita	36067074	23774	950
SUMA TOTAL			10.909

2º.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas socio-sanitarias correspondentes o presente ano – por reclamación- por importe total de 543,00 €. (QUINIENTOS CORENTA E TRES EUROS), aos seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
Costa Rivero José Manuel	36051694	20971	163
Jiménez Alvarado Javier	06950457	12641	90
Villar Domínguez Manuel	36010951	18483	290
SUMA TOTAL			543 €

3º.- Denega- las solicitudes de axudas especiais que a continuación se relacionan, ao non considerarse susceptibles de devengo baixo este concepto os feitos descritos nas respectivas instancias :

- Alvarez Domínguez, María José.
- Herrera Oya, Emilio.
- Morquillas Rodríguez, Victor.
- Valado Gómez, Manuel.

37(1592).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. EXPTE. 14792/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Excma. Alcaldesa sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Considerando a previsión establecida nos artigos 129 e 130 da Lei de bases de réxime local, introducidos pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a modernización do goberno local, onde se contempla a preceptiva creación do órgano superior da administración municipal denominado Titular da Asesoría Xurídica.

Visto o acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión de 23 de febreiro de 2003, polo que se deu aprobación ao réxime retributivo previsto para dito cargo,

Considerando o carácter institucional que a propia lei lle reserva ao titular da Asesoría Xurídica municipal, cuxo nomeamento ten carácter de designación directa en función á lexítima relación de confianza que lle vincula ao goberno municipal, esta Alcaldía presidencia, no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 124 da Lei regulado de bases de réxime local, somete a consideración da Xunta de Goberno local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Nomear titular da Asesoría Xurídica municipal ao funcionario de carreira da Administración Autonómica da Xunta de Galicia, Sr. D. UBALDO RIVAS ROMERO.

A toma de posesión no cargo realizarase previa acreditación dos requisitos de designación prevenidos no artigo 129.2 da Lei reguladora de bases de réxime local.”

Consta no expediente informe favorable do técnico de Intervención Xeral, do 3.12.04, conformado pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Excma. Alcaldesa, acorda:

Nomear titular da Asesoría Xurídica municipal ao funcionario de carreira da Administración Autonómica da Xunta de Galicia, Sr. D. UBALDO RIVAS ROMERO.

A toma de posesión no cargo realizarase previa acreditación dos requisitos de designación prevenidos no artigo 129.2 da Lei reguladora de bases de réxime local.

38(1593).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE ACTIVIDADES DE IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN EN ENTIDADES NON LUCRATIVAS. EXPTE. 407/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 3.11.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Lcoal e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as subvención que se indican as asociacións que se relacionan:

CIF	Asociación	Conexión	Aloxa- mento	Dominio	Rede	Páxinas web	Total subvención
G-15.220.577	A.Galega de Hemofilia	234,00 €	119,60 €	18,95 €	€		372,55 €
G-36.624.120	A.PA.M.P.			100,00 €	€		100,00 €
G-36.620.854	A.C.D. Atlantida de Matamá				450,00 €		450,00 €
G-36.812.204	A.C.F. O Fiadeiro	262,80 €	300,00 €	100,00 €	75,00 €		737,80 €
G-36.924.363	A.C.Grupo Amigos Linux		300,00 €	27,84 €	300,00 €	454,70 €	1.082,54 €
G-36.886.315	A.C.T.X.U. Luna		300,00 €		€		300,00 €
G-36.909.232	A.Comerciantes VigoVello	50,00 €			€		50,00 €
G-36.806.917	A.Hoy por Mañana			100,00 €	€		100,00 €
G-36.750.479	A.3ª edad Rosalía de Castro		24,00 €	100,00 €	€		124,00 €
G-36.920.288	A.Integración Galego-Brasileira			100,00 €	€		100,00 €
G.36.786.945	A.Mulleres Accedo	262,80 €			€		262,80 €
G-36.619.468	A.Mulleres Dorna				597,40 €		597,40 €
G-36.832.491	A.Sindrome de Down Vigo	262,80 €		39,00 €	130,15 €		431,95 €
G-36.622.835	A.Sordos de Vigo	262,80 €	100,00 €		€		362,80 €
G-36.654.036	A.VV. A Unión				300,00 €		300,00 €
G-36.651.073	A.VV. Cabral Sta. Mariña	262,80 €			€		262,80 €
G-36.648.293	A.VV. Calvario		268,00 €	40,00 €	€		308,00 €
G-36.648.186	A.VV. CamiñoVello de Coia		300,00 €	60,00 €	€		360,00 €
G-36.854.834	A.VV. Conde de Torrecedeira	184,93 €			€		184,93 €
G-36.709.004	A.VV. Doutor Fleming	262,80 €	200,00 €		€		462,80 €
G-36.641.710	A.VV. Pontenova-Freixeiro	262,80 €	300,00 €	100,00 €	162,50 €		825,30 €
G-36.646.545	A.VV. Teis		130,00 €	100,00 €	€		230,00 €
G-36.654.184	A.VV.C.D. O Freixo	262,80 €		14,00 €	212,50 €		489,30 €
G-36.917.037	A.Xogais	262,80 €	150,00 €	90,00 €	€		502,80 €
G-36.936.086	A.Xuvenil Foro das utopias		300,00 €		€		300,00 €
G-36.818.649	AIDA	262,80 €	150,00 €		€		412,80 €
G-36.873.511	ALENT0	262,80 €	90,00 €	20,00 €	37,50 €		410,30 €
G-36.925.691	ASEM Galicia				€	367,50 €	367,50 €
G-36.627.453	ASVIDAL		90,00 €	100,00 €	130,00 €		320,00 €
G-36.849.883	Autismo Vigo				€	825,00 €	825,00 €
G-36.632.081	AVCU-CSCR de Beade	262,80 €	€	€	1.075,00 €		1.337,80 €
G-36.617.082	C.C.A.R. Valladares	262,80 €			€		262,80 €
Q-3.600.368-I	Caritas	262,80 €			104,40 €		367,20 €
G-36.637.890	Club Montañeiros Celtas	200,00 €			€		200,00 €

CIF	Asociación	Conexión	Aloxa- mento	Dominio	Rede	Páxinas web	Total subvención
G-32.115.941	COGAMI	262,80 €			€		262,80 €
G-36.681.708	F.AA.VV. Eduardo Chao		300,00 €	100,00 €	135,00 €		535,00 €
G-36.704.195	Federación de AA.MM. (COGAMI-Pontevedra)				€	720,00 €	720,00 €
G-36.797.579	Fundación Cume				€	900,00 €	900,00 €
G-36.801.991	FUNDAI	48,68 €			194,25 €		242,93 €
G-82.641.408	Jovenes del Tercer Mundo	262,80 €			€		262,80 €
G-36.750.651	MADRO	262,80 €			€		262,80 €
G-36.791.960	Plan Comunitario de Teis				300,00 €		300,00 €
G-36.350.015	Ponte...Nas Ondas		300,00 €	100,00 €	€		400,00 €
G-36.928.646	Rede Mulleres Vecinais contra malos tratos		300,00 €	100,00 €	€		400,00 €
G-36.633.428	S.C.D.R. Helios	262,80 €	30,00 €		€		292,80 €
	TOTAL	5.448,01 €	4.051,60 €	1.409,79 €	4.203,70 €	3.267,20 €	18.380,30 €

2º.- Prórrogar o prazo de xustificación da subvención ata o 27 de decembro de 2004.

39(1594).- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL NAS OBRAS DO TÚNEL DE ACCESO AO PORTO DE VIGO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe do enxeñeiro municipal de Tráfico e do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 2.12.04, que di o seguinte:

Rematadas as obras no túnel de acceso ao porto de Vigo dende a AP-9 que foron executadas segundo o proxecto “Adaptación a la normativa vigente del túnel de acceso al puerto de Vigo desde la AP-9 y mejoras del túnel de Beiramar” asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Don Marcos Pantaleón, e xirada visita de inspección previo á posta en servizo deste, comprobouse:

1º.- *Cumprimentáronse os medios de control de tráfico e os sistemas de seguridade que se recollían no proxecto, quedando completamente operativos na sala de Control de Tráfico do Concello e nas dependencias da Policía Local os dispositivos necesarios.*

2º.- *A xeometría do tramo de acceso dende a autoestrada AP-9 e que pasa polo túnel cara á nova rotonda de distribución de tráfico, ten unha moi acusada pendente e uns radios de xiro moi forzados que supoñen un risco potencial no caso de información-sinalización insuficiente e velocidade inadecuada, pensando en que o tráfico pasará a partir da inauguración, de ser un tráfico restrinxido ao porto fundamentalmente de camións, a un tráfico xeral onde previsiblemente predominará o tráfico lixeiro .*

Baseándose no punto 2 º ao tratarse dunha vía de titularidade do Ministerio de FOMENTO (segundo os datos que obran neste departamento) enténdese necesario se traslade a esa Administración a necesidade de extremar as medidas necesarias que permitan garantir a Seguridade Vial, tanto en canto a sinalización vertical como horizontal, sistemas de control de velocidade e outras que se estiman adecuadas para tal fin.

Considérase preciso ademais a conveniencia do establecemento de contactos coa Administración titular da vía no sentido de delimitar competencias, no tocante a infraccións sancionadoras e de intervención policial sen prexuízo da necesaria colaboración da Policía Local e Garda Civil de Tráfico.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda solicitar do Ministerio de Fomento as medidas sinaladas no informe necesarias para garantir a Seguridade Vial.

40(1595).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.